



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles			
MATERIA: Inglés		NIVEL:3º	
MESTRA/E RESPONSABLE:Lidia Brenlla López			
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencia	Criterio de cualificación (% mínimo a acadar)
B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información máis relevante do texto.	PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.	CL	2%
B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos.	PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles.	CL	2%
B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.	PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.	CL	2%
B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.	PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral.	CL	2%



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.	PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas sobre si mesmo e os demais.	SC	1%
B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.	PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas.	CL	1%

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	Procedementos: 1. Observacións sistemáticas a través de aplicacións telemáticas. 2. Análise de producións escritas.
	Instrumentos: 1. Listas de control de realización de actividades propostas. 2. Análise de traballo proposto ao alumnado. 3. Resolución de exercicios e actividades propostas.
Cualificación final	A avaliación será continua e terá como finalidade ben a recuperación da materia non superada en trimestres anteriores, ou tamén poderá mellorar tendo en conta o traballo elaborado por cada alumno neste terceiro trimestre.



ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>As actividades que se propoñen poden ser interactivas e autoavaliáveis ou poden ser tarefas escritas que logo correximos e reenviamos. Tamén se aportan solucionarios.</p> <p>O alumnado con ACS e o alumnado que ata o de agora non superou a materia, recibe tarefas adaptadas e persoalizadas a través de correo electrónico.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>A metodoloxía está sustentada no uso das plataformas blinklearning e liveworksheets e no deseño de actividades propias. A planificación é semanal. Cada luns súbense as tarefas na páxina web do centro e aparecen publicadas nun cadro xunto coas tarefas dos titores e o resto de especialistas.</p>
Materiais e recursos	<p>Blinklearning (plataforma habilitada pola editorial Oxford) Liveworksheets Tareas e actividades deseñadas Libro de clase (Rooftops Class Book) e libro de exercicios (Rooftops Activity Book)</p>



4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Mantense a comunicación coas familias e o reenvío de tarefas correxidas a través do correo electrónico.
Publicidade	https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipamaia/